

SERVIZO DE CONCILIACIÓN FAMILIAR 2026

FADEMGA Plena inclusión Galicia



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



Xacobeo 2027

FADEMGA
Plena
inclusión
Galicia



1

Información do Servizo de Conciliación familiar

- Obxectivos
- Persoas beneficiarias
- Modalidades
- Criterios de baremación

2

Documentación para solicitar praza

- Prazos para o envío da documentación

3

Aspectos importantes a ter en conta

4

Calendario e prazos

5

Recordatorios

6

Anexos

1 Información do servizo

É ben sabido que un entorno familiar favorable e estable é clave para fomentar actitudes e comportamentos positivos nas persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento. Unha contorna de apoio e seguridade axuda a mellorar o seu desenvolvemento emocional e social, o que facilita a súa integración e benestar.

Neste contexto, o Servizo de Conciliación familiar ten unha gran importancia, pois proporciona medios facilitadores aos familiares para afrontar as difíciles e, en moitas ocasións, estresantes situacións derivadas da convivencia cunha persoa con discapacidade intelectual.

Este servizo ofrece un tempo onde as familias poden descansar, relaxarse e recuperar forzas, o que lles permite mellorar a súa capacidade para apoiar de forma efectiva á persoa con discapacidade intelectual.



modalidade

➤ ESTANCIAS CON ALOXAMENTO

- As estancias programadas terán unha duración de entre 3 e 5 días.
- Dado que as prazas en cada unha das estancias programadas son limitadas, á hora de adxudicar as mesmas teranse en conta uns criterios de baremación relacionados cas circunstancias económicas, persoais e familiares.
- Antes de aplicar a baremación, considerarase que a familia solicitante non desfrutara de ningunha estancia ao longo do ano, priorizando así a primeira solicitude de cada familia.
- Así mesmo, valorarase o impacto que a ratio requirida para unha atención adecuada poida ter na asignación de prazas, sin que implique unha redución do número das mesmas.
- No caso de empate na baremación, terán prioridade as familias que participaran en menos estancias no ano. Se o empate persiste, realizarase un sorteo.
- Por esixencias dos organismos subvencionadores, nalgunhas estancias poderá darse prioridade ás familias que cumpran cos criterios establecidos por estes organismos nas súas bases.
- Para solicitar praza, será necesario enviar un formulario de solicitude para cada estancia solicitada.



criterios de baremación

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	PUNTOS
ORFO	5
FAMILIA MONOPARENTAL	4
COIDADADOR/A PRINCIPAL MAIOR DE 60 ANOS	3
COIDADADOR/A PRINCIPAL MENOR DE 60 ANOS	2
XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE	PUNTOS
EMERXENCIA (HOSPITALIZACIÓN, ENFERMIDADE...)	7
ESTRÉS FAMILIAR, DISTORSIÓN DA DINÁMICA FAMILIAR	6
AILLAMENTO SOCIAL	5
OUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR CON PROBLEMÁTICA	4
PROBLEMAS DE RELACIÓN COA PERSOA CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	3
ACONTECEMENTO SOCIAL (VODA, CEAS...)	2
TEMPO LIBRE PARA A FAMILIA	1
SITUACIÓN ECONÓMICA / PORCENTAXE DO IPREM	PUNTOS
0 - 1 IPREM	7
> 1 - 1,5 IPREM	6
> 1,5 - 2 IPREM	4
> 2 - 2,5 IPREM	2
> 2,5 IPREM	1
GRAO DE DISCAPACIDADE	PUNTOS
> 90%	5
> 75% - 90%	4
> 65% - 75%	3
≤ 65%	2
CARACTERÍSTICAS DA PERSOA CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL	PUNTOS
GRAVES ALTERACIÓNS DE CONDUCTA	4
PERSOAS CON MAIORES NECESIDADES DE APOIO	3

2 Solicitude de praza

➤ CUSTO DA PRAZA

A cota do Servizo de Conciliación é de **40 euros por persoa e día**.

➤ FAMILIAS QUE PARTICIPAN POR PRIMEIRA VEZ NO SERVIZO

Enviar a familias@fademga.org debidamente cumprimentados e asinados:

- O **Formulario de solicitude do servizo**. Un formulario para cada estancia.
- A **Ficha de coñecemento persoal**. É **MOI IMPORTANTE** que esta ficha reflicta axeitadamente os aspectos médicos, de saúde, de autonomía, de comportamento... das persoas participantes. É fundamental para o seu coidado. No caso de que a información errónea supoña a incorporación de persoal extra, os custos recaerán sobre a entidade/familia responsable do envío de dita información.
- A **Ficha de medicación**. Actualizada e debidamente asinada por un facultativo médico.
- A **Autorización para estancias grupais**. Debidamente asinada, tendo en conta se ten que asinar a persoa con discapacidade ou a persoa solicitante.

Adxuntar na solicitude a seguinte documentación:

- Copia do **Certificado de discapacidade** da persoa participante na que conste o tipo e a porcentaxe de dita discapacidade.
- Copia do **DNI** e da **Tarxeta Sanitaria** da persoa participante no servizo.
- Copia do **documento acreditativo** no caso de que a persoa participante teña modificado o exercicio da súa capacidade xurídica.
- **Datos económicos** percibidos no ano fiscal en curso: declaracións da renda ou xustificantes de Facenda, pensións e prestacións de todas as persoas que forman a unidade familiar.

➤ FAMILIAS QUE XA PARTICIPARON ANTERIORMENTE

Enviar a familias@fademga.org debidamente cumprimentados e asinados:

- O **Formulario de solicitude do servizo**. Un formulario para cada estancia.
- A **Ficha de medicación**. Actualizada e debidamente asinada por un facultativo médico.
- A **Autorización para estancias grupais**. Debidamente asinada, tendo en conta se ten que asinar a persoa con discapacidade ou a persoa solicitante.



No caso de que se dean modificacións nos documentos enviados con anterioridade, debes enviar as copias actualizadas.

3 Aspectos importantes a ter en conta

- Non se admitirá ningunha solicitude enviada posteriormente á **data límite** ou que non conteña a documentación necesaria.
- No momento da confirmación da praza, e cun mínimo de **5 días naturais de antelación** ao comezo da estancia, a familia realizará o **ingreso da cota**, especificando as **DATAS DA ESTANCIA** e o **NOME DA PERSOA PARTICIPANTE**, e enviará copia dos xustificantes bancarios por mail: familias@fademga.org ou por WhatsApp: [646 755 463](tel:646755463)
- O nº de conta de FADEMGGA Plena inclusión Galicia para facer o ingreso da cota do servizo é:

ABANCA: ES87 2080 0300 89 3040126857

En caso de precisar **factura**, a persoa solicitante deberá indicalo no **Formulario de solicitude**.

- As familias que teñan pendente o pago dalgún servizo, non serán admitidas noutro ata que satisfagan as **cotas pendentes**. A estas cotas aplicaráselle unha penalización do 20% do importe para poder volver a acceder ó servizo.
- No caso de que a persoa participante **non vaia acudir** á estancia, deberá comunicalo por escrito **cun mínimo de 10 días naturais** de antelación.

Se se avisa con menos de 10 días:

- **BAIXA XUSTIFICADA** (enfermidade ou outros motivos aceptados polo equipo técnico da Federación):
 - A familia debe avisar canto antes.
 - Debe enviarse un xustificante do motivo.
 - A Federación tentará cubrir esa praza con outra persoa.
 - **Se non se consegue cubrir a praza**, a familia deberá pagar o **50% das cotas correspondentes da estancia**.
- **BAIXA NON XUSTIFICADA:**
 - A familia deberá pagar o **100% do custo da praza**.
- **O INCUMPRIMENTO disto, suporá a NON CONCESIÓN DA PRAZA en posteriores solicitudes.**
- En casos de **urxencia**, a solicitude terá que ser presentada en canto se teña coñecemento da mesma para poder atendela.
- Non se lle dará as persoas participantes **ningún medicamento** que non veña recollido na **Ficha de Medicación**.
- En caso de que a persoa participante requira **coidados sanitarios específicos** (feridas complexas, úlceras, sondas, ostomías, medicacións inxectables...) serán previamente valoradas antes da concesión da praza, co fin de determinar a posibilidade de ofrecer unha atención adecuada ás súas necesidades.
- Os **datos económicos** deberán enviarse en cada **exercicio fiscal**. Para solicitar as estancias posteriores ó mes de verán só se admitirá a declaración da renda do 2025.
- No caso de que a persoa participante ocasione **danos a terceiros** durante a estancia, a Federación valorará como tramitar a reclamación de ditos danos, e poderíase reclamar á familia o abono total ou parcial dos mesmos.

4 Calendario e prazos

MES	ENTRADA		SAÍDA		LUGAR	DÍAS	PRAZAS
OUTUBRO	9 de outubro	18:00	12 de outubro	17:00	Hotel A Queimada (Nigrán)	3	7
	22 de outubro	18:00	25 de outubro	17:00	Balneario Baños da Brea (Vila de Cruces)	3	7
NOVEMBRO	5 de novembro	18:00	8 de novembro	17:00	Balneario Augas Santas (Pantón)	3	7
	19 de novembro	18:00	22 de novembro	17:00	Hotel Spa Norat*** (O Grove)	3	7

Prazos para o envío da documentación

► PRAZO ESTÁNDAR

O prazo estándar para enviar toda a documentación para a solicitude de praza é de mínimo **20 días naturais** de antelación á data de inicio da estancia.

5 Recordatorios

- É moi importante enviar a **medicación actualizada** da persoa participante antes do comezo da estancia. Debe incluír a posoloxía de todos os tratamentos que estea tomando nese momento.
- Lembramos que o xustificante do **pagamento** debe enviarse cun mínimo **5 días naturais de antelación**. Tamén é importante que os ingresos se fagan por separado e no concepto se indiquen:
 - **Nome da persoa participante.**
 - **Datas da estancia.**
- No caso de precisar **factura**, indicalo no momento de facer a solicitude.
- No caso de **cancelación** da solicitude ou **renuncia** da praza concedida, é necesario avisar canto antes.
- No caso de baixa, enviar a xustificación por escrito. Se o aviso se realiza dentro dos 10 días naturais anteriores á data de inicio da estancia, poderá ter **consecuencias económicas** segundo as normas do programa.
- É imprescindible **enviar toda a documentación requirida** para poder formalizar correctamente a solicitude.

Se tedes algunha dúbida, podedes contactar connosco escribindo a familias@fademga.org ou chamando ao 981 51 96 50.



6 Anexos

Nestas ligazóns podes descargar a seguinte documentación (o documento é editable para cubrir directamente dende o ordenador ou ben podedes imprimilo e mandalo cuberto por escrito) a familias@fademga.org.

- [FORMULARIO DE SOLICITUDE](#)
- [FICHA DE COÑECEMENTO PERSOAL](#)
- [FICHA DE MEDICACIÓN](#)
- [AUTORIZACIÓN](#)





COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



Xacobeo 2027

ORGANIZA:

FADEMGA



Plena
inclusión
Galicia



www.fademga.org